

Reclamante: [REDACTED]  
Expediente **RSCTG 095/2017**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 23 de outubro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 23 de outubro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A interesada indicaba que non se lle facilitaban as copias do expediente administrativo completo, relacionado coa queixa presentada do programa de cooperación coas entidades locais do ano 2010.

O escrito viña acompañado da copia do escrito de 5 de setembro de 2017 que dirixira á Consellería de Economía, Emprego e Industria, presentado no Portelo único do Concello de Baiona. Copia do escrito presentado na Xunta de Galicia o 18 de maio de 2011 dirixido á xefa territorial de Traballo e benestar da Xunta de Galicia, escrito da Xunta de Galicia (xefa territorial de Traballo e Benestar en Vigo) dirixido á interesada o 6 de outubro de 2011, petición dirixida á conselleira de traballo e benestar de 6 de outubro de 2011, alegacións realizadas pola interesada o 24 de novembro de 2011, escrito de 17 de xaneiro de 2013 dirixido ao subdirector de promoción de emprego, escrito sen rexistro de entrada que ao parecer o 28 de xullo de 2011 foi dirixido a o Presidente da Xunta de Galicia pola interesada.

**Segundo.** Con data de 27 de outubro se lle indica á interesada que estamos ante un asunto que fora resolto no expediente RSCTG 032/2017, polo que solo correspondía a interposición

do recurso contencioso administrativo e que en todo caso se procedía a demandar á consellería o seguimento das actuacións realizadas nos termos legalmente establecidos.

**Terceiro.** Con data de 6 de novembro de 2017 a interesada indica que o expediente RSCTG 032/2017 reclamaba o proxecto sobre o funcionamento da subvención e a contratación e que agora o que se reclamaba era o expediente administrativo descrito no proxecto.

**Cuarto.** Con data de 13 de novembro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada pola interesada á Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 15 de novembro de 2017. A consellaría non tiña remitido o informe nin o expediente.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

## Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

## Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

## Cuarto. Análise do expediente

No expediente consta que a interesada se dirixiu á Consellería de Economía, Emprego e Industria requiríndolle as copias do expediente administrativo completo *“relacionado con la queja presentada sobre el programa de cooperación para la contratación de personas desempleadas, donde he sido contratada durante 6 meses para el ayuntamiento de Baiona”*. Reiterando que se solicita *“ que se me envíe copias del expediente administrativo completo relacionado con la queja presentada sobre el programa de cooperación para la contratación de personas desempleadas y la documentación del seguimiento solicitado por la unidad administradora de fondos comunitario (UAFSE).”*

Consta que existe unha motivación que é a de teren sido contratada durante 6 meses no concello de Baiona.

A ausencia do informe da consellería impide coñecer o alcance da solicitude realizada pois se require todo o expediente non so no que fai ao Concello de Baiona se non copia completa do expediente administrativo, igualmente dado que se trata dun programa de cooperación para a contratación de persoas desempregadas faise necesario coñecer os datos de carácter persoal que poden existir no expediente e de que tipo (información sobre vítimas da violencia de xénero que estean solicitando emprego no ámbito do programa etc.)

A Comisión da Transparencia non ten datos suficientes para coñecer se é posible recadar do sistema actualmente existente na consellería estes datos solicitados. Tampouco se pode entrar a valorar se a posible recolleita de datos se pode realizar sen causar graves perturbacións ás obrigas do departamento que posúa a información . Non se coñece se abundaría con pedir ao sistema unha simple estatística ou hai que facer unha auténtica reelaboración concello por concello.

O artigo 15.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro di que *“con carácter general, y salvo que en el caso concreto prevalezca la protección de datos personales u otros derechos constitucionalmente protegidos sobre el interés público en la divulgación que lo impida, se concederá el acceso a información que contenga datos meramente identificativos relacionados con la organización, funcionamiento o actividad pública del órgano”*. Neste caso se solicitan unha información sobre un expediente administrativo do órgano. Pode ser que a información sexa voluminosa ou dificultosa de conseguir pero en todo caso é información pública e hai que indicar que medios deben e poden poñerse para tela dispoñible nun período determinado.

É dicir, toda a normativa de transparencia pretende que exista a maior publicidade dos datos cuxa difusión sexa máis relevante para o coñecemento xeral ante a cidadanía, e neste caso, ante a petición do solicitante.

Por tanto é necesario achegarlle a reclamante o expediente solicitado.

É importante indicar que o artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro di que tras a solicitude dirixida ao órgano titular que teña a información o solicitante ten dereito a recibir orientación e asesoramento para o exercicio deste dereito. Por tanto, se non se podía achegar unha serie de datos, ou non é posible obter a información doadamente, todo isto debeu ser respondido o solicitante de acceso á información.

Compre destacar aquí que ao interesado non se lle achegou ningún tipo de información.

#### **Quinto.-**

Por todo isto entendemos que o expediente debe retrotraerse e aclarar entre o reclamante e a consellería os seguintes aspectos: que información, da solicitada, ten a consellería e se lle pode facilitar; cal desa información pública reclamada existe e se lle pode facilitar sen ter que reelaborar.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

## ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 23 de outubro de 2017, contra a denegación por silencio da Consellería de Economía, Emprego e Industria e proceder a retrotraer o expediente.

**Segundo:** Instar a Consellería de Economía, Emprego a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada unha vez determinada que documentación se lle pode achegar, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Consellería de Economía, Emprego, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e a recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga